


# a Movida *go*



e ti,  
de quen vés sendo?


IDEAS PARA UNHA ENTROIDADA MOI NOSA



# La Rueda del Amor





Registra tus compras **del 6 al 14 de febrero** en el punto de información. Por cada 30€ de ticket de compra gira la ruleta 1 vez y recibe un premio de los establecimientos comerciales.




## SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




## BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




## ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



## BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



## LIGAZÓN


Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



**PÁX. 7**  
**NERVO (REBELIOM DO INFRAMUNDO)**



**PÁX. 13**  
**SIN PRISA,  
UN 'TXOKO' Á GALEGA**



**PÁX. 23**  
**IDEAS PARA  
UNHA ENTROIDADA  
MOI NOSA**



**PÁX. 26**  
**DE BURACO  
EN BURACO**



**PÁX. 35**  
**UNHA NOVA VIDA  
PARA O ALMACÉN  
CULTURAL**

**PÁX. 5**  
**EDITORIAL**  
**PÁX. 6**  
**OLLO AO DATO**  
**PÁX. 11**  
**VIGO, CIDADE DE COR:  
VIRGINIA BERSABÉ**

**PÁX. 14**  
**UN MAR CALMO  
E NAMORADEIRO**

**PÁX. 15**  
**O TIRAPUXA DOS IDIOMAS**

**PÁX. 17**  
**OUTRAS MOVIDAS**

**PÁX. 19**  
**COMA UN RAILO DE SOL**

**PÁX. 20**  
**DELEITE LITERARIO**

**PÁX. 21**  
**LOCALS RECOMENDADOS**

**PÁX. 25**  
**A PROBA DE AUGA**

**PÁX. 27**  
**MÚSICAO AO VIVO**

**PÁX. 29**  
**'MOSCA', DE ÁRTIKA CÍA**

**PÁX. 30**  
**ESPECIAL: ESCOLAS  
DE PORTAS ABERTAS**

**PÁX. 34**  
**AXENDA A MOVIDIÑA**

**PÁX. 36**  
**SANNY. CANTAUTORA  
COMPROMETIDA**

Se queres recibir a revista na casa, subscríbete na web: [amovida.gal/subscricion-revista](http://amovida.gal/subscricion-revista)

Revista **A Movida** | Volume 6 (1), febreiro de 2023

**Edición:** Tamara Novoa | **Redacción:** Paula Cermeño, Irene Garrido Patón, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Juan Teixeira, Lourdes Tomé, Pablo Vázquez Varela | **Fotografía:** Paula Cermeño, Juan Teixeira, Pablo Vázquez | **Deseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Sabela Álvarez e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

**Edita:** A Movida Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

[f](https://www.facebook.com/amovidavigo) [i](https://www.instagram.com/amovidavigo) [t](https://www.twitter.com/amovidavigo) @amovidavigo | [amovida.gal](http://amovida.gal)

A *Movida* non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.




Os cigarróns de Verín, as pantallas de Xinzo ou os peliqueiros de Laza son figuras célebres no mapa etnográfico do país. Un imaxinario que se amplía cos boteiros de Viana do Bolo, os choqueiros de Monte Alto ou os felos de Maceda. O Carnaval galego está inzado de máscaras e figuras grotescas que enchen as rúas de escarnio e misterio. Grazas ao labor de agrupacións culturais, despois de décadas desaparecido, recuperáronse os merdeiros de Vigo. Os mariñeiros do Berbés de finais do século XIX e primeiros do XX remedaban os labregos da bisbarra que se achegaban á ribeira para recoller refugallos do peixe para estercar os campos. O Entroido permite que nos enfundemos en traxes de liberdade, soñar coa libertinaxe, e sentir que por uns días temos licenza para rir do que nos praza, sempre que aceptemos **RIR DE NÓS MESMOS.**





**O VENRES 3, DÍA DE SAN BRAIS**, milleiros de persoas acoden en romaxe á Festa de Interese Turístico en honra ao avogoso da gorxa, na parroquia de Bembrive. O cocido, as cuncas de viño e a música tradicional son compoñentes básicas para culminar a ruta dos furanchos que arrancou con grande éxito a primeiros do mes pasado.

**O VIGUÉS ÁLVARO GAGO** compite este mes no Festival Internacional de Cinema de Berlín coa súa primeira longametraxe, *Matria*, unha sorte de ampliación da multipremiada curta homónima que dirixiu. En cines o 24 de marzo.



**EFEMÉRIDE**

O 4 de febreiro de 1893 morre en Vigo **Concepción Arenal** (n. Ferrol, 31 de xaneiro de 1820). Xurista, xornalista e pioneira do feminismo, foi a primeira muller en acceder a estudos en España, para o que se viu obrigada a se disfrazar de home. A autora do tratado *A muller do porvir* entre unha obra moi vizosa, viviu os últimos anos na nosa cidade. O seus restos repousan no cemiterio de Pereiró, onde nada máis chegar atopamos un mausoleo erixido no seu nome.

**EN CONMEMORACIÓN DO ANO LAXEIRO 2022** o xoves 23 inaugurárase no Museo de Arte Contemporánea (MARCO) a exposición «Laxeiro e a arte da súa época». A mostra recolle unha escolma de obras destacadas do artista de Lalín, que sitúa no contexto artístico do seu tempo con pezas de outros artistas.





# Nervo

## (Rebeliom do Inframundo)

Música

### «FIXÉRONNOS CRER QUE O AMOR É UNHA MENTIRA»

#### CRISTOPHER MACHADO IBÁÑEZ

(Caracas, 1988), coñecido no mundo artístico como **Nervo**, é a voz da banda **Rebeliom do Inframundo**. Aínda que naceu en Venezuela e pasou parte da adolescencia no municipio de Pontearreas, considérase un vigués da parroquia de Teis, onde quedamos para esta entrevista. O xoves 23 publica cos seus compañeiros, **Frank, Malvares de Moscoso, Movementss e Pol**, o cuarto disco da banda, unha declaración de intencións que perfila un espírito rebelde e idealista que leva por título Amor ou barbarie.

#### Que pode levar a uns rapaces pontearens a crear un grupo de rap en 2005?

En Pontearreas deixaron uns bloques de edificios a medio construír porque eran ilegais. Nós pasabamos o día alí, cun *discman* e uns altofalantes a pilas dos que non paraba de saír música mentres nos botabamos a rappear. «O Inframundo» era como lle chamabamos a aquel sitio.

#### Como foi o proceso de sacardes o primeiro disco?

Foi a hostia. Daquela xa se podía gravar en ordenador, pero non tiñamos pasta para o ordenador ou non a queríamos ter, polo que

ata antes do disco *A Sorpresa* gravavamos en casete. Quedamos abraiados cando as 500 copias que fixemos non duraron nin un mes.

#### O outono pasado recibistes o Premio Martín Codax na categoría de música urbana. Estadades contentos?

O estilo que temos, a nosa forma de facer música e de ser, non comunga moitas veces con algunhas institucións ou lugares. De feito, acudimos pensando que non íamos gañar. Considerabamos que o merecíamos, pero nunca imaxinamos que nolo fosen dar. Co noso premio alegrouse moitísima xente, foi coma se un núcleo de persoas cunha forma de pensar se visen representadas nese galardón. Nós dicimos que Rebeliom do Inframundo non é unha banda, senón un movemento; unha forma de vivir, de pensar e de querer.

#### Cal é a filosofía dese movemento?

Algúns non nos sentimos identificados con ningún dogma. Somos de Churruca, ese é o noso nicho de pensamento. Somos xente normal, que vai ao choio, que baixa á rúa e fala con este ou con aquel, e xa está. Hai que normalizar a vida e as situacións cotiás.





EMERGENCY  
PULL CABLE  
TO USE  
BOTTOM-OUTLET

ATENCIÓN  
SERVIDOR INTERIOR





## As vosas letras están cargadas de reivindicación...

A arte que non se basea en transmitir ningún tipo de emoción ou de sentimento non é arte.

### «Churruca é o noso nicho de pensamento»

#### Aínda que dades moita tralla, tamén reservades un espazo para falar dos sentimentos. De aí o título do novo disco, *Amor ou barbarie*?

Penso que nos fixeron crer que o amor non existe, coma se fose unha utopía, dixerónnos que é mentira. Nós reivindicamos o amor. Todo tipo de amor, empezando polo amor propio; o amor que se sente pola familia, polas amizades, pola parella, pola puta vida, por unha árbore, por respirar... O amor por vivir! Que pasa? Que se non nos deixan vivir, aí vén a barbarie; loitamos para poder vivir.

#### Cal foi a vosa evolución como grupo desde *A Sorpresa*?

A produción dese primeiro disco foi dun corte moito máis clásico a nivel de *rap*. En *Lume e Rebeliom* xa metemos bases con instrumentos e logo en *Illegal* empezamos a xogar co son electrónico. Na lírica tamén houbo cambios; *A Sorpresa* ten un contido moi politizado e nos seguintes traballos xa hai un contido máis persoal.

#### Que contido hai neste álbum novo?

Moitas cores. Divertínme moitísimo gravando. Este disco é *Rebeliom* do *Inframundo* facendo o que quere. Ademais o proceso deste traballo foi moi diferente aos anteriores por mor da pandemia.

#### Pódese considerar «*Baila*», un dos temas que xa presentastes, un himno pospandemia?

Tiña unhas ganas tolas de saír, e non me refiro a saír de noite, senón a saír da casa. A corentena foi unha movida moi gorda a nivel psicolóxico. Escribín «*Baila*» en plena confinamento. O tema fala da alma, dun individuo ao que non lle deixan vivir, non lle deixan bailar. A tomar polo cu: sé ti mesmo, flúe e vive. *Baila*.

#### Neste disco tamén atopamos o *single* «*Loitando cos demos*». Como foi traballar con *Wöyza*?

Foi moi guai. Eu nunca cantara nunha canción. Escribín esta balada e díxenlle a Frank que ía chamar a *Sofi* [*Wöyza*] para cantala con ela. Para min, a voz dela é das mellores que temos no *rap* galego. Foi a primeira gravación que fixemos no estudio despois da pandemia e fluíu todo de marabilla. Quedamos moi contentos. A verdade é que os grupos de Vigo temos moita saúde e moi boa onda.

### «Hai xente con moito máis talento ca nós que desistiu»

#### Infelizmente, é inusual que unha banda de *rap* viguesa escriba en galego.

Eu comecei a escribir en castelán. Aos 16 anos, traballando na construción, empecei a falar en galego e no local social no que paraba dicíanme que se as cancións estivesen na nosa lingua estarían máis guapas. Aquilo deixoume a barrenar, amolábame que non se escoitase o que facía. Á hora de publicar *A Sorpresa* xa dei o cambio, e fixe-no porque me apetecía. Xa me desintoxicara de certa xente e sentíame liberado.





Alberto Lora

Teño conciencia cultural e non quero que morra a nosa cultura e a cultura empeza no idioma. Están a liquidar o galego.

**Esta primavera faredes unha pequena xira de presentación do disco que pasa pola sala Master o 22 de abril. Cal é o mellor concerto que recordas?**

Cada un de nós diría un distinto. Eu teño gravado o primeiro concerto que demos no que a miña muller, **Iria**, estaba embarazada da nosa filla; foi en Pontearreas e para min foi moi especial. Tamén o concerto no festival Revenidas antes da pandemia. É un festival enorme e nós tocábamos despois de **Talco** e cando saímos alí había como 150 persoas coa camiseta de **Lume**. Foi unha pasada ese concerto, parecía que Talco fosen os nosos abrecóncertos.

**Ti e os outros compoñentes da banda combinades a música a con outros**

**traballos; nunca pensastes en vos dedicar a isto a tempo completo?**

Non, porque somos realistas. Ese é un soño que sempre está aí, pero ou marcas un golo-zo coma o das **Tanxugueiras** ou non vives. Bota contas: somos cinco persoas; sacando impostos e autónomos, canto teriamos que cobrar ao mes para vivir os cinco e pagar todo iso? Entón, por desgraza, temos que compatibilizar a música con outras cousas. Iso significa quedar para gravar despois do traballo, deitarse ás catro da mañá e erguerse ás sete para levar a nena ao colexio para ir despois ao choio con tres horas de sono. Pero feliz por gravar. Ao final tamén enganxa ver os resultados. Antes de ser un grupo de música xa eramos un grupo de amigos. Somos colegas e gústanos estar xuntos. Pero é certo que o noventa e pico por cento da xente desiste. Coñecín xente con moito máis talento ca nós que quedou polo camiño. A diferenza é que nós fomos máis testudos e resistimos.



# VIGO, CIDADE DE COR: VIRGINIA BERSABÉ



O MURAL SITUA-SE Á ALTURA DO NÚMERO 100 DA RUA DE NUMANCIA







Os peóns que visen ante si un enorme corpo de muller de avanzada idade que pre-  
sida o número cen da rúa de Numancia,  
probablemente se preguntasen as razóns  
que puideron levar a alguén a escoller  
ese tema para un mural tan grande. Pois  
a responsable é **VIRGINIA BERSABÉ**,  
unha artista que ten como eixe central  
de toda a súa obra a muller anciá. A rela-  
ción co espazo e as manifestacións físicas  
e pictóricas da memoria e identidade da  
muller na etapa da vellez.

Trátase dunha imaxe de carác-  
ter tan feble como contundente,  
tenra e rotunda asemade, que  
nos obriga a ollar alí onde moi-  
tas veces non o facemos. Porque  
a senectude, e máis aínda cando  
é feminina, aínda é unha especie

de tema tabú. Precisamente neste sen sen-  
tido é onde Virginia atopa a inspiración:  
«Pinto realidades esquecidas e traballo  
con persoas que doutra maneira pasarían  
desapercibidas. Sinto a necesidade de mi-  
rar onde non se quere mirar e poder dar-  
lle un lugar merecido a un colectivo tan  
esquecido como é o da muller maior; a ve-  
llez e mais as enfermidades que esta etapa  
implica son para moitos un momento que  
debe ser gardado, escondido. En cambio,  
penso que é a etapa na que mellor se ex-  
presa o patrimonio humano, coa  
identidade construída ao longo  
de toda unha vida, a fraxilidade,  
a beleza que expresa a experiencia  
impresa no corpo. Non quero ter  
filtros, porque a vida non os ten».



**JUAN TEIXEIRA**  
*Fotógrafo documental  
e xestor cultural*

**REAL VILA DE BAIONA**

GOBERNO AUTÓNOMO DE BAIONA  
 CONSELLERÍA DE CULTURA  
 BAIONA  
 JUNTA DE GALICIA  
 GALICIA  
 DEPARTAMENTO DE PATRIMONIO  
 HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO  
 Xunta de Baixas  
 ABANCA  
 aceba  
 BAIONA REAL

**XXVII Festa da Arribada**  
3 · 4 · 5 de Marzo 2023

DECLARADA DE INTERESE  
TURÍSTICO INTERNACIONAL





# Sin Prisa, un 'txoko' á galega

**DESDE FINAIS DE DECEMBRO**, a nosa cidade conta cun novo local no que gozar da cociña nun formato diferente. Trátase de Sin Prisa, un «multiespazo» aberto polos irmáns **Roberto e Susana García** que vai mudando da mañá á noite.

A primeira hora está reservada para almorzos de empresa. A partir das 10:00 h, ábrese ao público como unha cafetería á que se pode ir devagar para degustar algún dos cafés de especialidade que prepara unha exclusiva máquina. Para o xantar, o local ofrece comida preparada pola empresa Sinsartén, que elabora pratos equilibrados de cociña caseira servidos en *tupper*; polo ao *curry*, fabas con mexillóns ou bacallau á portuguesa son algúns dos pratos dispoñibles.

A partir das 16:00 h, o espazo queda dispoñible para eventos privados; calquera pode alugar a sala e utilizar a cociña. Este servizo, pioneiro en Galicia, ten similitudes coa idea dos *txokos*, baixos típicos do País Vasco nos que se reúnen frecuentemente diversas cuadrillas de amigos para comer, charlar e divertirse. As opcións son moi variadas no momento de contratar o arrendamento: pódese escoller con cátering, unha neveira con bebidas, unha cafeteira e unha billa de cervexa, ou optar por levar todo da casa. O espazo estará reservado en exclusiva, sen límite de hora, e con dereito a poñer música no equipo do establecemento, polo que a privacidade e

a comodidade se achegan á dunha vivenda.

Unha cuarta vía de actividades é a organización de catas e cursos de cociña pensados para quedar a cear. Para este mes prográmanse un curso para aprender a preparar suxi e unha degustación de chocolates, eventos dos que se especifican detalles nas redes sociais de Sin Prisa.

Con tal variedade e con tanta flexibilidade, Sin Prisa é un local idóneo para organizar unha festa de aniversario ou xuntanza de amigos, pero tamén para almorzos de negocios ou xuntanzas informais para equipos de traballo. Por algo os creadores o definen como «multiespazo».



Rúa da Ronda de Don Bosco, 62 | 681 15 07 37  
[@sinprisavigo](https://www.instagram.com/sinprisavigo)



# UN MAR CALMO E NAMORADEIRO

Saír da rutina e facer algo especial pode resultar máis fácil do que moitas veces imaxinamos. Co gallo do San Valentín, propoñemos unha escapada a un lugar a tiro dunha pedra: **SANXENXO**.

Paga a pena visitar a costa galega en temporada baixa. Se nos presta camiñar, hai unha senda costeira que se pode percorrer desde a praia de Sanxenxo ata Punta Faxilda, un pequeno cabo desde o que se transmite a sensación de poder tocar as Illas Cíes estirando unha man.



Nuns escasos 15 minutos de coche, chegaremos a Combarro, unha poboación mariñeira famosa por abranguer unha arquitectura chea de cruceiros e hórreos a pé de mar. Recomendamos subir ata o miradoiro do Loureiro para aproveitar as últimas raiolas cunhas vistas da ría francamente espectaculares.

Outra escapada a un cuarto de hora é a que podemos facer ata a illa do Grove atravesando a praia da Lanzada. Da parroquia de San Vicente sae a senda costeira coñecida como Pedras Negras, unha pasarela de madeira a carón de praias, piñeirais e rochas redondeadas.

## AUGUSTA ECO WELLNESS RESORT

Unha opción moi acada para esta escapada romántica é aloxarnos nun hotel con spa coma este, que destaca por ofrecer unha experiencia holística en que o benestar dos inquilinos é o auténtico punto central. Corpo, mente e alma reciben agarimos entre piscinas de hidroterapia, masaxes enerxéticas ou a degustación das especialidades culinarias dos dous restaurantes que comprende o *resort*.

Polo Día dos Namorados, ofrécese unha experiencia titulada «Be my Valentine», que inclúe un dormitorio dobre con decoración de benvida e acceso ao spa. Durante as fins de semana da candeloria hai música en directo no restaurante Potus, onde ademais se poden catar pratos de coziña tradicional e moderna. A cativada ten un espazo de seu con Kid's Club, un programa de actividades infantís que funciona todo o día, de xeito que eles se divirten mentres os maiores se relaxan.



Lugar Padriñan, 25 (Sanxenxo) | 986 72 78 78  
[augustasanxenxo.com](http://augustasanxenxo.com)

[reservas@augustasanxenxo.com](mailto:reservas@augustasanxenxo.com) | [@augustasanxenxo](https://www.instagram.com/augustasanxenxo)

# O tirapuxa dos idiomas

**DI O CHISTE** que hai un par de palabras que nos poden abrir portas: *tire* e *puxe*. Adquirir ou mellorar o uso de linguas propias e alleas tamén nos abre accesos. Por fortuna, dispoñemos de diversas formas de entrar na aprendizaxe de idiomas. Con obras na lingua pretendida, o cine, a literatura ou a música son algunhas das ferramentas máis amenas que se poden utilizar para tal propósito. Outros métodos pasan por academias, axencias de viaxes ou faladoiros. Oportunidades perfectas para adestrar a escoita activa e botar a lingua a pacer no idioma en cuestión e facelo dun xeito distendido.

## CONCORDE LANGUAGE SCHOOL

Asentadas en Vigo desde a década dos setenta, **Deborah Randall** e **Robyn Spence**, estadounidense e neozelandesa respectivamente, dirixen este pioneiro centro de ensino desde 1988. A grande experiencia como profesoras de inglés que teñen as dúas animounas a abrir unha baseada no método comunicativo. «A énfase non debería estar centrada nos exames, aínda que os preparamos todos; un idioma é para usalo e comunicarnos», explica Randall, que tamén incide na importancia de asociar a aprendizaxe do inglés coa diversión, polo que buscan que nas aulas haxa un ambiente familiar baseado en grupos reducidos. «Queremos que a rapazada veña feliz á clase, que devezan polo inglés», engade, pois ao longo dos anos percibiu

que o alumnado de secundaria tende a sentir antipatía polas materias de idiomas. Ademais esta academia tamén ten unha destacada traxectoria ofrecendo cursos de inglés dirixidos á actividade empresarial.



Rúa do Padre Seixas, 34 | 986 21 14 72  
[concorde-lang.es](http://concorde-lang.es) | [concorde@concorde-lang.com](mailto:concorde@concorde-lang.com)  
[@concorde\\_language\\_school](https://www.instagram.com/concorde_language_school)

## KIDS AND US

Con máis de 650 centros repartidos polo mundo, case 550 no Estado, e dous en Vigo, a empresa catalá leva dúas décadas dedicándose ao ensino da lingua inglesa mediante un método singular que consiste en aproximar a aprendizaxe deste novo idioma ao da lingua materna, sen agrupar a materia como acontece na educación regulada. E isto como se fai? Pois falándolles en inglés aos pequenos, empregando todo tipo de conxugacións e léxico. Co paso do tempo, a rapazada empeza a asimilar e asociar as palabras coas accións ou cousas ás





que se refiren. As actividades de lectura e escrita non empezan ata a idade de 8 anos, «pois antes queremos que sexan capaces de construír frases completas de forma espontánea», explica unha das directoras da academia da rúa de Urzaiz. O obxectivo é que, chegada a maioría de idade, o alumnado dispoña dun nivel equivalente ao C2, isto é, practicamente plurilingüe.



Rúa de Urzaiz, 108 | 699 88 83 82  
[vigo.urzaiz@kidsandus.es](mailto:vigo.urzaiz@kidsandus.es)  
 Rúa de Xirona, 8 | 628 17 89 92  
[vigo.independencia@kidsandus.es](mailto:vigo.independencia@kidsandus.es)  
[kidsandus.es](http://kidsandus.es) | [@kidsandusvigo](https://www.instagram.com/kidsandusvigo)

## OVER THE RAINBOW

Esta empresa con nome da célebre adaptación cinematográfica da obra *O marabilloso mago de Oz* botou a andar en Bouzas no ano 2005, ofrecendo os servizos como academia e como axencia de tradución e viaxes. En 2016 mudouse á céntrica Porta do Sol, excluindo o formato de academia: na actualidade o nome coroa unha axencia especializada en cursos de idiomas no estranxeiro, contando na axenda con algunhas das mellores escolas do mundo. Desde viaxes dunha semana ata estancias dun ano enteiro, **Elena Romero** e **Matthew Newton** acompañan en todo o proceso de asesoramento e escolla da opción que mellor nos encaixe. Aínda que o inglés é

o idioma máis demandado, as estadias serven para ducias de idiomas diferentes que se poden practicar nunha chea de países. O público obxectivo vai desde adolescentes, universitarios, traballadores noveis e familias novas.



Porta do Sol, 10 | 986 24 61 41 | 654 22 23 2  
[cursoenelextranjero.com](http://cursoenelextranjero.com) | [info@overtherainbow.es](mailto:info@overtherainbow.es)  
[@otr\\_idiomasviajes](https://www.instagram.com/otr_idiomasviajes)

## FALADOIROS

### Galego:

Café Uf (rúa do Pracer, 19): iniciativa «Faladoiros Vigo», martes ás 20:00 h

Sesións virtuais: iniciativa «Faladoiros Vigo», martes e xoves ás 20:00 h

### Inglés:

A Lideira (rúa da Gamboa, 5), mércores ás 19:00 h

Centro Comercial Camelias (praza de América, 1): iniciativa «Charlatana», venres ás 18:00 h

Jukebox (rúa de E. Heraclio Botana, 4), xoves ás 20:30 h

Los 80's (avenida da Atlántida, 54), mércores ás 20:30 h

Revólver (rúa de Barcelona, 45 interior), xoves ás 19:00 h





**VENRES 3 E DOMINGO 5**  
**MI AÑO FAVORITO**  
**TEATRO AFUNDACIÓN**

Chega a versión ao vivo do *podcast* guiado polos cómicos **Dani Rovira** e **Arturo González-Campos**. Unha viaxe en clave de comedia a través dun ano que fose especialmente senlleiro para a cidade anfitroia, con improvisación, lembranzas e moita carallada, sempre en complicidade co público. Que ano será o escollido para falar de Vigo?

VENRES, ÁS 20:30 H; DOMINGO, ÁS 18:30 H // DESDE 20,00 €



**VENRES 10 E SÁBADO 11**  
**3240**  
**AUDITORIO DO CONCELLO**

A cifra que lle dá título ao espectáculo podería ser a matrícula dun coche ou o pin dun teléfono móbil, pero é o título dunha peza da actriz e escritora galaicocroata **Déborah Vukusic** para a xente que cre no amor, para amantes do teatro, do *rock and roll*... e de **Nick Cave**. E se a estrela que sempre admiraches contactase contigo?

ÁS 20:00 H // 8,00 €

**SÁBADO 11**  
**MINGO BALAGUER**  
**+ BLUEDAYS BAND**  
**SALA ROUGE**


Con tres décadas de escenario en escenario, estamos ante un dos mestres de harmónica máis recoñecidos do Estado que, neste bolo enmarcado no ciclo «Máis que Blues», vén acompañado do baixista **Jorge Otero**, o batería **Félix Oviedo** e os guitarristas **José María Fuentes** e **Carlos Sanz**.

ÁS 22:00 H // DESDE 12,22 €



Juan Cuervo





**VENRES 24, SÁBADO 25  
E DOMINGO 26**  
**SIN LA SOGA AL CUELLO**  
**TEATRO ENSALLE**

Esta peza nace dun conxunto de textos de **Gonzalo Cunill** escritos ao longo do singular ano 2020 sen pretensións dramáticas, como notas dun diario. Un discurso interno distribuído entre tres voces e unha sucesión de accións próximas á *performance* compoñen unha peza que non está exenta de humor.

ÁS 20:00 H // DESDE 10,00 €



**AUDITORIO MAR DE VIGO**

Av. da Beiramar, 59 | [teuticket.com](http://teuticket.com)

**SÁBADO 4**  
**KEVIN JOHANSEN**

O músico arxentinoestadounidense versiona temas de diversos artistas, incluído el mesmo.

ÁS 21:00 H // DESDE 25,00



**VENRES 10 E SÁBADO 11**  
**EL HUMOR DE MI VIDA**

Aos 14 anos, **Paz Padilla** coñeceu o amor, do que sacou sorrisos e lágrimas.

VENRES, ÁS 20:00 H; SÁBADO, ÁS 19:30 H  
DESDE 23,00 €

**XOVES 23**  
**QUEEN TRIBUTE**

**Dean Richardson** encárnase en **Freddie Mercury** á fronte dun espectáculo da raíña das bandas.

ÁS 21:00 H // DESDE 28,00 €

**VENRES 24**  
**ANA MOURA**

A famosa fadista de Santarém presenta o disco *Casa Guilhermina*.

ÁS 21:00 H // DESDE 18,00 €

**SÁBADO 25**  
**EL SENTIDO DEL HUMOR**

Os polifacéticos **Florentino Fernández**, **José Mota** e **Santiago Segura** reflexionan sobre como enfocar hoxe en día o sentido do humor.

ÁS 18:00 H // DESDE 25,00 €



**ATA O DOMINGO 26**  
**VANGUARDIAS,**  
**LA EXPOSICIÓN INMERSIVA**

Inmersión na arte do século XX coa tecnoloxía do XXI a través da obra dos pintores de vangarda.

MARTES A DOMINGO, DAS 11:00 ÁS 15:00 H  
E DAS 16:30 ÁS 21:00 H // DESDE 10,00 €

# COMA UN RAI DE SOL


**Concha Murguía** pariu no Froxel (Arteixo). Foi un 17 de maio, concretamente o de 1833, cando Manuel Antonio Martínez Murguía abandonou o claustro maternal. Non é casual a data de publicación dos *Cantares gallegos* de **Rosalía de Castro**, que deu pé ao Día das Letras Galegas. Nai e pai casarían dous meses despois do parto. Vivirán separados durante uns anos. Un episodio que **Manuel Murguía** obviou na súa mastodóntica produción literaria. Pro por forza marcouno na infancia.

Na mocidade, Murguía rousa en *El Liceo de la Juventud* (canda **Pondal** ou a propia Rosalía) antes de liscar pra Madrid a estudar Farmacia. Alá entregouse á bohemia, investindo horas en conversas daqueles cafés que poboaban a capital do Estado. Nunca rematou a carreira, pro atopou a vocación: a escritura. **Juan Compañel**, cómplice das andainas madrileñas, é reclamado polos progresistas de Vigo en 1855. A orde é encargarse da imprenta La Oliva, sita na rúa Real. De alí saíría *Cantares gallegos*, outorgando á urbe o privilexio dun posto cimeiro no Rexurdimento. Mais tamén publicaron os xornais *La Oliva* e *El Miño* (1856-73). Ambas as dúas publicacións tiveron a Compañel como director e a Murguía como xefe cultural. A relación foi intensa e duradeira. En certa ocasión, Manuel asume todo o choio ante a ausencia temporal de Juan. Isto motivou que a parella Murguía de Castro vivise na casa onde estaba a imprenta. Xuntos pasaron o fin de ano de 1859 nun Vigo sen nora nin luces LED. Eran outros tempos.




Historiador

Murguía afiánzase nese período como cebreiro do Rexurdimento. Por exemplo, el fixa o criterio filolóxico pra distinguir o que é e o que non é literatura galega; ou define Galiza como nación. Fixou os contidos, indicou os obxectivos, impulsou numerosas obras, propuxo un futuro pra nós nunha época en que se dicían cousas como: «La abundancia de lluvias hace que a Galicia le llamen el orinal de España». E viría **Lorca** pra tapar os beizos de tanto bocapodre: «Chove en Santiago, meu doce amor».



A polémica viviu con Murguía como o lartexar cardíaco. Ás veces de maneira moi agre, como a vivida coa **Pardo Bazán**, a taxidermista da cultura galega. E a polémica perseguiu por mor da intervención que fixo sobre figura e obra de Rosalía. Quixo o indescifrabable destino que Murguía e Rosalía tivesen un casamento semiclandestino. Ela estaba encinta, é dicir, que non chegou «pura» ao altar. Un episodio obviado durante anos. Será porque era mácula na sacrílega imaxe da muller de mirada triste. Pro en realidade Rosalía era muller libre e, como dixo a súa filla **Alejandra**, alegre «como un rayo de sol».



## SEGUIR SACHANDO NOS REFERENTES FEMININOS

No camiño á procura de referentes femininas en todos os ámbitos, son importantes as propostas literarias que ofrecen as voces das mulleres, pois supoñen unha forma de seguir ir prendendo luces entre tanto escurantismo. Así o pensou a editora **Inma Doval Porto**, que coordinou *Entre leiras e labores*. *Antoloxía verbo-visual de autoras galegas*, un volume que acolle a obra artística e literaria de mulleres galegas contemporáneas que traballan nestes eidos. Como di a editora no limiar, «as autoras desta antoloxía son nómades entre a palabra e a imaxe»: penso que non se podería definir mellor esta obra, que é unha descuberta grande e necesaria en moitos sentidos.

→ **Título:** *Entre leiras e labores* **Autora:** Inma Doval Porto (Ed.) **Editorial:** Urutau  
**Extensión:** 188 páxinas



## O MUNDO ENTEIRO

Adoro os libros que son quen de contar o mundo nunhas cantas palabras, obras que nos presentan historias universais, pero cun estilo condensado e contundente. Así é *Proleterka*, de **Fleur Jaeggy**, unha novela curta en extensión, pero enorme no que narra: a descuberta do mundo por parte dunha nena que medra e descobre o que ata entón foran segredos, e tamén o que é ter un pai, aínda que sexa tarde. O libro é unha pequena xoia, pois a autora manexa un estilo tan conciso como potente, con ecos de poesía.

→ **Título:** *Proleterka* **Autora:** Fleur Jaeggy **Tradutor:** Antón Blanco Casás **Editorial:** Kalandraka



## A MEMORIA QUE FALTABA

Un dos poderes infinitos que ten a literatura é o de facernos cuestionar as crenzas que temos ou certos pensamentos que consideramos que xa superamos; propoñer preguntas e indagar nas respostas cando estas son diversas. *Quen non ten un avó fascista?* é o novo libro co que **Inma López Silva** se volve remontar ao extremo, como xa fixera na obra *O libro da filla*. Cabalgando entre o artigo xornalístico, o ensaio e a ficción, a autora recupera esoutra memoria: a das persoas que non denunciaron publicamente o franquismo e mais as incoherencias vitais que tiveron que soportar.

→ **Título:** *Quen non ten un avó fascista?* **Autora:** Inma López Silva **Editorial:** Galaxia  
**Extensión:** 250 páxinas



**TENSI GESTEIRA**

Xornalista  
e crítica literaria



# LOCAIS RECOMENDADOS





- 1 **A MORADA / OUTRO CONTO** *Enrique Maciás, 6*
- 2 **A TAPA DO BARRIL** *López Mora, 63 e Porta do Sol, 4*
- 3 **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
- 4 **ALTA FIDELIDAD** *Praza da Constitución, 12*
- 5 **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
- 6 **CONCORDE** *Padre Seixas, 34*
- 7 **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
- 8 **EL TRIGAL, PANADERÍA**  
*Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44*
- 9 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
- 10 **KID & US** *Xirona, 8 e Urzaiz, 108*
- 11 **LA CONTENEDORA** *Eduardo Iglesias, 11*
- 12 **LA TITA RIVERA** *Praza de Compostela, 17*
- 13 **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Carral, 15*
- 14 **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
- 15 **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
- 16 **MAPIS** *Pizarro, 47*
- 17 **MERCADO DE TEIS** *Toural de Abaixo, s/n*
- 18 **MOLOTOV** *Santiago de Vigo, 1*
- 19 **NIKIS GALICIA STYLE**  
*Praza da Pedra, 5 e Porta do Sol, 8*
- 20 **NÓS, CERVEXERÍA** *Palma, 3 e Fisterra, 1*
- 21 **O LAR DAS ARTES** *Ribelas, 60*
- 22 **PICNIC SESIONS** *Baixada á praia, 83*
- 23 **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
- 24 **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
- 25 **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
- 26 **SARA GARCÍA PELUQART** *Couto Piñeiro, 2*
- 27 **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
- 28 **SWING ON / O ALMACÉN** *Alfonso XIII, 9*
- 29 **TEATRO ENSALLE** *Chile, 15*
- 30 **THE MONK PUB** *Uruguai, 28*
- 31 **VAIDHĚ** *Carral, 7*
- 32 **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
- 33 **WOODTOWN** *Camelias, 20*

**PARA MÁIS INFO SOBRE OS LOCAIS VISITA  
AMOVIDA.GAL/LOCAIS-RECOMENDADOS**

# Ideas para unha entroidada moi nosa

## CELESTINO

Todos queremos que Celestino volva a Balaídos durante este ano tan especial en que o Celta celebra o centenario. Mentres que **Carlos Mourño** e compañía se deciden, podémosos enfundar na equipaxe celeste máis vella que teñamos á man, e anoar a bufanda en torno á máscara de cabezudo narigón que fagamos con papel de periódico e cola branca, ao xeito do programa *Art Attack*. Para os máis afootos, propoñemos como alternativa *vintage* o disfrace da mascota predecesora, a gaivota Nocho.



## SEÑORITA BUBBLE

Mergullámonos na ficción literaria a través dun dos personaxes da escritora **Ledicia Costas**, a protagonista do libro infantil *A señorita Bubble*. O modelo que viste nas ilustracións de **Andrés Meixide** é ben recoñecible: sombreiro con forma de cheminea, vestido gótico, medias a raias brancas e negras, parche no ollo esquerdo e perruca de cor vermella. Unha alternativa máis atrevida pode ser esmerarnos coa maquillaxe para nos encarnar en *Escarlatina*, a *cociñeira defunta*. De medo.



## MÍTICA JICHA DE VIGO

A moda do cambio de século deixou unha pegada fonda no imaxinario destes lares. A conta do **Mítico Jicho de Vigo** así o recolle en hilarantes publicacións. Apostando pola moda malota, para os homes, propoñemos levar o pelo pincho, chaqueta náutica azul da marca «Slam», camiseta de «El Niño», pantalón pirata de «Rottweiler» e tenis de «Etnies»; para as mulleres, recomendamos o pelo engomado, un diadema ancho de cor branca, camiseta de «Roxy», mallas deportivas acampanadas de «Naffta» e botas «Art». Un disfrace *eski-so*, perfecto para brindar cuns chopos no bar O Ovo.



## SINIESTRO TOTAL

Este será o primeiro ano, pandemia á parte, en que a banda **Siniestro Total** non suba a ningún escenario desde 1982. Ao longo destas catro décadas pasadas, a cuadrilla deixou *looks* para o recordo: a camiseta do álbum *Ante todo mucha calma* (1992), as botas militares e os pantalóns do disco *En beneficio de todos* (1990) ou o estrafalario conxunto que locen **Julián Hernández**, **Miguel Costas** e **Alberto Torrado** na portada de *Menos mal que nos queda Portugal* (1984). Recomendamos este último, bicicleta incluída, polo casco coa bandeira de Vigo.





**ADEMAIS DO COCIDO, AS FILLOAS E AS ORELLAS,** o Entroido é, ante todo, tempo de disfraces. Con todo, a orixinalidade propia desta época vese decote absorbida pola tendencia *mainstream* de cada momento: ultimamente vimos un feixe de personaxes sacados de títulos como *Joker*, *Peaky Blinders*, *Squid Game*... Seguro que este ano pasa o mesmo con Mércores Addams. Para contrarrestar tal invasión, propoñemos botarnos á reconquista do carnaval vigués, para o que propoñemos ideas moi de noso.

## Un Entroido para enmarcar

O vigués **SERXO GONZÁLEZ** é incapaz de definirse sen unha cámara nas mans, ben fose esta de xogueite, desbotable ou profesional. Tras estudar un ciclo de imaxe centrou o obxectivo na multitude de opcións que ofrece a fotografía. Na última década, as vodas son as que lle copan gran parte do tempo, o que lle valeu para ser reconecido nas últimas catro edicións dos Wedding Awards.

Co gallo do Entroido, Serxo ofrécese a retratar familias, parellas ou grupos de amigos que queiran inmortalizar un disfrace colectivo ou unha época divertida que se queira rememorar máis adiante. Estas sesións poden ser en exteriores, nun estudio profesional ou mesmo se pode optar por un híbrido entre as dúas opcións, segundo nos explica o fotógrafo: «Complementase a



### CALENDARIO DE ENTROIDO

- **Sábado 11 e domingo 12.** VI Merdeirada Cativa na Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo. O obradoiro infantil para confeccionar máscaras coas que desfilar pola zona histórica da man da Asociación Etnográfica A Merdeira.
- **Venres 17.** Saída dos merdeiros na zona vella pola a mañá.  
Entronzación do meco na Porta do Sol pola tarde.
- **Sábado 18.** Desfile das comparsas de Entroido.
- **Domingo 19.** Saída dos merdeiros na zona vella pola a mañá e pola tarde.  
Carreira do Entroido e de San Silvestre pola tarde.
- **Martes 21.** Concurso de disfraces e queima do meco na Porta do Sol.
- **Mércores 22.** Enterro da sardiña e exequias do meco na Porta do Sol.

foto en exteriores con iluminación de estudio, que é un servizo que non dá practicamente ningún fotógrafo». El prefire os exteriores «pola liberdade creativa que dá poder improvisar coa contorna e para que a xente se sinta máis cómoda, menos intimidada». Ademais tamén se ofrece a opción de incluír no paquete a contratación dunha maquilladora profesional para mellorar as caracterizacións e que a cousa quede perfeccionada desde a base.

Serxo González Fotografía | 662 94 00 43  
[serxophoto.com](http://serxophoto.com) | [hola@serxophoto.com](mailto:hola@serxophoto.com)  
[@serxophoto](https://www.instagram.com/serxophoto)



# A PROBA DE AUGA



galegas, **Rosiña Rojo** ideou **ESTUDIO BRÉTEMAS**, unha marca moi orixinal que abrangue camisetas, suadoiros, bolsas de tea e cuncas con mensaxe.

Brétemas opta por unha produción sostenible que combina tecidos de calidade, deseño minimalista e carácter retranqueiro. A lingua e a cultura propias fan bo xugo en cada unha das pezas de Brétemas e, neste entroido, nada mellor que lucir unha camiseta coa palabra «Filloas» ou entrar en calor cunha cunca de «Caldiño». Rosiña escolle para a roupa e os accesorios esas expresións que venen dos nosos avós e aposta polo diálogo feminista; xa se viu polas nosas rúas algunha camiseta que di «Estou ata a cona» ou algunha bolsa que leve escrito «Tetas e pandeiretas» e xa hai quen debece por ter algo así, para berrar ben alto desde o vestir. Aínda por riba, sabemos que non debemos pasar o inverno sen un suadoiro que non lle teme á chuvia ou que reivindica coma ninguén a Galicia profunda. Todo isto e moito máis vén da man desta marca de nome bretemoso, que ademais ten liñas de roupa para bebés, calcetíns, botellas reutilizables, cerámica, mochilas e unhas postais ben divertidas.

Neste tempo en que a invernia se mestura con romarías, comparsas e festa a pé de rúa, nada mellor que estrear roupa e complementos con toques de morriña, retransa e aires de noso. Para que poidamos encher o roupeiro con pezas de roupa rematadas con verbas



**ESTELA GÓMEZ**

Correctora literaria  
e redactora de contidos

Podemos atopar a mensaxe que máis vaia connosco a través da tenda [online estudiobretemas.gal](https://www.estudiobretemas.gal) ou visitando a tenda física La Contenedora (Eduardo Iglesias, 11) para escoller-mos a prenda que máis nos acaia da factoría Brétemas. E se chove, que chova!



# De buraco en buraco

**THE HOLE X** chega á nosa cidade no seo dunha xira estatal coa que a produtora e promotora de espectáculos LetsGo Company celebra o décimo aniversario do espectáculo que iniciou a saga *The Hole*, froito da colaboración entre LetsGo, a compañía de teatro Yllana e o actor, director e produtor **Paco León**. Rescátase a esencia orixinal e aderézase con novos e impresionantes números circenses, stripteases e acrobacias aéreas, mantense a presenza dos personaxes máis icónicos e o humor descarado do que a firma sempre fixo gala. O novo espectáculo represéntase no Teatro Afundación do 16 ao 19 de febreiro

Un espectáculo do talle de *The Hole X* non sería posible sen uns mestres de cerimonia á altura, como o cuarteto formado por **Álex O'Dogherty** —que ademais é o responsable da adaptación dos textos—, **Eva Isanta**, **Canco Rodríguez** e **Víctor Palmero**. Encabeza o elenco **Vinila von Bismark** no papel da Generala. O'Dogherty dirixe o espectáculo canda **Gabriel Chamé**, mentres que **Guillermo Weickert** é o coreógrafo, **Marc Álvarez** o director musical, **José Luis Sixto Rodríguez** o axudante de dirección. Vinila exerce como directora residente.

Se en algo se especializa este espectáculo para adultos que non deixa indiferente a ningún, é en deixar andar á solta o que os responsables denominan *canalleo*, algo que se deu en converter nun xénero en si mesmo, unha mestura de *burlesque*, cabaré, circo e *rock*, baixo a premisa de estar no buraco para saír del. Un «buraco» —ou *boquete*, como lle chama a Generala— polo que pasaron dous millóns e medio de espectadores ao longo de máis de dez anos pasando polos escenarios de España, Alemaña, Francia,

Italia, Arxentina e México. *The Hole* chegou en 2011 para revolucionar a carteleira internacional, angueira prolongada pola secuela *The Hole 2* e a precuela *The Hole Zero*. Con *The Hole X* o clásico volve máis provocador que nunca.



**Data e hora:** xoves 16, ás 20:30 h; venres 17 e sábado 18, ás 18:30 e ás 22:00 h; domingo 19, ás 18:00.

**Lugar:** Teatro Afundación.

**Entradas:** desde 20,00 € en [theholeshow.com](http://theholeshow.com) @Theholeshow





## DOPPLER

Rúa de Martín Codax, 21

## UF DOG E JAY SAEZ

Sábado 4 // 22:00 h // 8,00 € / 10,00 €

## ARKADE

Xoves 9 // 00:00 h // 5,00 €

## O LAR DAS ARTES

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

## THE CUNHA BROTHERS

Domingo 5 // 12:30 h // gratis

## ADOLFO FH + ROCK AND ROLL SESSION

Venres 10 // 20:30 h // gratis



## TONHITO DE POI

DOMINGO 12 // 12:30 H  
GRATIS

Co ribeirán máis salvaxe todo é posible. Co disco *In-Dios* pregou que a fame non ten lei, reivindicar a **Rogelia Cruz**, evocar o lume de San Xoán, ladrar coma un can perdido, demostrar canto custan mil euros e quiñentas birras ou evocar as xornadas de saír a sacchar o millo.

## ALFÉIZAR

Domingo 19 // 12:30 h // gratis

## PICNIC SESIÓNS

Saiáns, baixada á Praia, 83. Radio Costeira



## ADOLFO FH

DOMINGO 12 // 14:30 H  
GRATIS

David Figueroa

## RED DUCK BLUES

Domingo 12 // 16:30 h // gratis

## SALA KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3



## CARMEN XÍA

VENRES 3 // 22:00 H  
8,00 € / 10,00 €

*Hip-hop coplero*, así define a artista sevillana o seu estilo. Tradición andaluza e vangarda únctanse no disco debut *La herida*.







## SALA MOLOTOV

Travesía de Santiago de Vigo, 1

### #ELREMIX CON SWIC AKA ELBOI94

Xoves 2 // 00:00 h // gratis

### LISTENING PARTY # DJSET DE YUNG VOIDY

Venres // 02:00 h // 3,00 €

### #ELREMIX CON SWIC AKA ELBOI94

Sábado 4 // 00:00 h // gratis

### KRIEZBERG

Sábado 11 // 23:30 h // 5,00 €

### #ELREMIX CON SWIC AKA ELBOI94

Xoves 16 // 00:00 h // gratis

### OVERDOSE CLUB IX ANIVERSARIO

Sábado 18 // 00:00 h // 10,00 € anticipada

### BLADE RAVE

Luns 20 // 00:30 h // gratis (3,00 € a partir das 2:00 h)

### #ELREMIX CON SWIC AKA ELBOI94

Sábado 23 // 00:00 h // gratis

### THIS IS NOT AKELARRE

Domingo 24 // 00:00 h // 7,00 € (con consumición)

## SALA REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

### BOURBON KINGS

Sábado 4 // 22:00 h // 8,00 € + gastos de xestión

### PAULIÑA + THE BUYAKERS

Sábado 11 // 19:00 h // 10,00 €

### NEOMAK + CATUXA SALOM

Sábado 25 // 22:00 h // 8,00 € / 10,00 €

**Neomak** é unha banda de «sete mulleres que veñen presentar as novas lúas», non por nada o nome da banda vén sendo *novas lúas* en grego. A música deste grupo combina o folclore euscaldún con sons electrónicos. Tamén sobe ao escenario **Catuxa Salom**, que está a revolucionar a canción galega con letras escritas en galego e portugués ademais de ritmos tribais latinoamericanos que evocan a vida rural.

## VITRUVIA

Praza de Compostela, 5

### CONCERTO PABLO SEOANE TRÍO, JAZZ


Xoves 9 // 21:00 h // 12,00 € ou 6,00 € (menos visibilidade)

### SANTIAGO MEJIDE, PIANO

Xoves 16 de febreiro // 21:00 h // 12,00 € (diante) e 6,00 € (detrás)

### ABE RÁBADE E RALE MICIC, JAZZ

Venres 24 // 21:00 h // 12,00 € (diante) ou 6,00 € (detrás)



**Colexio Quiñones  
de León**  
Travesía de Vigo, 36  
986 27 80 89  
cpr.quinones.leon@edu.xunta.gal

INFANTIL · PRIMARIA · ESO

Aula matinal

Comedor

Biblioteca

Orientación

Extraescolares

Seccións bilingües

Audición e linguaxe

Pedagogía terapéutica

28 | FEBREIRO 2023





# ‘MOSCA’, DE ÁRTIKA CÍA



Arao Fernández

Un patio calquera dun colexio calquera. Dúas filas, unha fronte á outra, formando un corredor que hai que atravesar. Un bombardeo de mans baten contra o corpo do neno que pasa correndo polo medio. Berros. Gargalladas. «Mosca! Mosca! Mosca!». Golpes e máis golpes. E, ao final, dor. Dor, impotencia e humillación. Tras *A illa da deslembanza*, a compañía da sala situada na avenida da Beiramar, **Ártika Cía.**, presenta *Mosca*, un espectáculo que pon o foco nun dos grandes males do noso tempo: o acoso escolar. **Gustavo del Río** (Os Náufragos Teatro) escribe e dirixe esta obra que conta a historia de Pedro, un neno de dez anos que, grazas á axuda da familia e do profesorado, trata de saír da espiral de

intimidación e angustia en que está atrapado. **Fernanda Barrio**, **Martín Maez** e **Rocío Salgado** configuran o elenco dunha peza que nos fala de afectos e de coidados, pero sobre todo da necesidade de escoitar aquelas persoas que máis o precisen. Con iluminación de **Javier Quintana** e escenografía de **Gustavo Brito**, *Mosca* é un dos pratos fortes da programación escénica deste ano 2023. Unha montaxe necesaria e sen ambaxes que nos recorda que, ás veces, un xogo inocente pode acabar converténdose nun pesadelo.



ERNESTO IS

Escritor



**Data e hora:** sábado 11 e domingo 12, ás 20:00 h.

**Lugar:** Sala Ártika.

**Entradas:** 14,00 € (billeteira) / 10,00 € + gastos de xestión (en liña).

# a Movidiaña



Especial: Escolas de portas abertas

## COLEXIOS Á VISTA

Todos os anos, decote por estas datas, o aluvián de información que lles chega ás familias para elixir un colexio pode resultar moi atafegante. Para empezar, deberíamos rachar coa idea de buscar o centro coas mellores cifras de resultados e, en troques, decidirmos a dar coa escola máis axeitada para os nosos pequerrechos.

Unha boa opción para escoller unha institución educativa que encaixe coas necesidades que teñamos como familia é asistir ás xornadas de portas abertas que nos permiten coñecer de primeira man cada colexio. Ningunha visita virtual ou entrevista telefónica se pode comparar a camiñar polas instalacións dun centro e sentir o que transmite ese lugar nunha primeira impresión presencial.



LOURDES TOMÉ

Educadora infantil

As visitas máis recomendables son as que se fan en horario lectivo, para ver como responde o centro a pleno funcionamento. Inmersos nas instalacións, podémosnos fixar na disposición das aulas, nas dimensións, no equipamento, os traballos que penduran das paredes ou mesmo na orde e a limpeza de cada recanto. As áreas de recreo deberían ser amplas e estar dotadas de zonas verdes e luz natural.

Alén do proxecto educativo e a metodoloxía a seguir, un indicador clave da verdadeira filosofía do colexio é preguntar como se abordan os problemas de conduta; se se impoñen sancións, saber en que consisten. O máis adecuado é que os principios ideolóxicos do centro educativo coincidan cos da propia familia. Debemos tomar tempo para dar coa escola que se poida ver como unha prolongación dos valores promovidos desde o fogar.

## COLEXIO BOUZA BREY PLURILÍNGÜE CONCERTADO

📍 Rúa San Juan 167, Vigo



📞 986 377 238

🌐 COLEXIOBOUZABREY.COM



# Especial: Escolas de portas abertas

## MONTESOL

Este centro plurilingüe de xornada continua abrangue todas as etapas educativas desde infantil ata secundaria, dando continuidade aos alumnos no mesmo centro ata acabar o ensino obrigatorio.

Do colexio Montesol cómpre salientar o proxecto Reinvent The Classroom (RTC); trátase dunhas aulas moi innovadoras que están dotadas dun amplo equipo tecnolóxico que lle brinda a todo o alumnado un pleno acceso a novas tecnoloxías e a información actualizada. Os exames de Cambridge, a horta escolar, as matemáticas manipulativas, as meteoescolas ou o patio acabado de anovar son outras características sobranceiras desta escola, que dispón de servizo

de comedor con transporte escolar, cociña propia, aula matinal, actividades extraescolares ou mesmo reforzo escolar.

As familias interesadas en coñecer este colexio poden acudir ás xornadas de portas abertas para as que é necesario pedir cita.



Rúa de Salceda de Caselas, 8  
986 20 85 12 | [colexiomontesol.com](http://colexiomontesol.com)  
[montesol@colexiomontesol.com](mailto:montesol@colexiomontesol.com)

## S. JOSÉ DE CLUNY

Este colexio concertado e plurilingüe, aposta por unha aprendizaxe baseada en diversas metodoloxías: traballo por proxectos, traballos cooperativos, plans propios ou programas internacionais como Erasmus+. As instalacións contan cunha extensión de mais de 10.000 metros cadrados

dedicados a unha aula de música, aulas tecnolóxicas, biblioteca, capela, emisora de radio, laboratorios, polideportivo e salón de actos. O colexio San José de Cluny potencia a competencia dixital con novas tecnoloxías e fomentan a inmersión lingüística do inglés desde os tres anos e en francés desde primeiro de primaria.

Para axudar á conciliación familiar, disponse dun servizo madrugador e un programa de actividades extraescolares a favor do deporte na infancia, contando cun club deportivo propio.

As portas deste centro están abertas durante todo este mes, para o que se pode solicitar cita por teléfono ou a través das redes sociais.



Rúa do Carballo, 46 | 986 49 35 01  
[clunyvigo.es](http://clunyvigo.es) | [@cluny\\_vigo](https://www.instagram.com/cluny_vigo)



# Especial: Escolas de portas abertas

## ATLÁNTIDA

Na parroquia de Bouzas instalouse unha cooperativa dedicada ao ensino concertado que recibe todas as mañás unha rapazada comprendida entre os 3 e os 16 anos. Ofrécense os servizos de aula matinal e de aula de mediodía, ampliando así o horario antes e despois das actividades reguladas.

Trátase dun centro con máis de 50 anos de traxectoria de carácter aconfesional, apolítico e plurilingüe, respectuoso con toda tendencia, crenza ou ideoloxía sen ánimo de influír en ningunha delas, mantendo sempre a liberdade de expresión. Unha escola que aposta por unha educación coherente coas necesidades reais do alumnado, potenciando o desenvolvemento da personalidade.

O colexio Atlántida conta con aula de informática, biblioteca, laboratorio e dous patios (un deles cuberto), entre outras dependencias. O servizo de comedor e as actividades extraescolares amplían a oferta educativa.

Os luns 6 e 13, ás 17:00 h, están programadas as xornada de portas abertas, ás que se pode acudir baixo cita telefónica.



Rúa do Rocío, 7 | 986 23 39 38  
[colexioatlantida.com](http://colexioatlantida.com) | [cpr.atlantida@edu.xunta.es](mailto:cpr.atlantida@edu.xunta.es)

## SAN FERMÍN

Naceu hai máis de medio século como academia no barrio do Calvario e mantén a mesma filosofía desde entón: a educación integral e en valores.

Malia levar o nome dun santo, o colexio mantén un carácter laico. Aquí dásele moita importancia ao contacto coas familias. O trato co equipo docente é diario, dando pé a falar antes e despois das clases. Nestas aulas trabállase en grupo e por proxectos, hai seccións plurilingües nas clases de plástica e lévanse a cabo diversas metodoloxías como as matemáticas manipulativas ou o traballo baseado en xogos.

Con todo, o eixe central é a biblioteca. O colexio San Fermín conta con clubs de lectura, un programa de lectura en familia ou

mesmo unha radio específica. O centro ten un horario continuado, das 9:00 ás 14:00 h, cun servizo de entrada desde as 8:30 h, e ofrece actividades extraescolares das 15:30 ás 17:30 h.

Recomendamos poñernos en contacto para concertar unha cita presencial se nos interesa este centro para a nosa rapazada.



Travesía de Vigo, 96 | 986 27 21 95  
[colexiosanferminvigo.es](http://colexiosanferminvigo.es)  
[cpr.sanfermin.vigo@edu.xunta.es](mailto:cpr.sanfermin.vigo@edu.xunta.es)





# Especial: Escolas de portas abertas

## ELEVEN SCHOOL

Este colexio británico ten como base de aprendizaxe o método Montessori. Situado en Matamá, é unha referencia moi particular para matricular a nosa rapazada.

Nesta época abre as portas para todos os públicos mediante cita previa, dándolle ás familias a posibilidade de coñecer o proxecto e as instalacións e un equipo docente formado na devandita metodoloxía pedagóxica.. Eleven School procura que o alumnado adquira os coñecementos e os contidos establecidos a través da observación, da experimentación e de actividades dinámicas como as as narracións vivenciais de historia, as matemáticas manipulativas ou os talleres de ciencias.

Nunha visita presencial pódese comprobar a disposición das aulas, o mobiliario adaptado á altura da cativada e o material empregado para apoiar a educación. Cada elemento deste colexio ten a razón de ser no desenvolvemento do alumnado en función dos desenhos de **María Montessori**.



Camíño Real, 10 | 672 07 77 80  
[elevenschool.com](http://elevenschool.com) | [info@elevenschool.com](mailto:info@elevenschool.com)

## ALBORADA

Este centro plurilingüe abre as portas cada día lectivo ás 7.30 h co servizo denominado Aula Matinal. Alumnos de educación infantil, primaria e secundaria aprenden a través de retos e proxectos de investigación.

Fomentando a curiosidade no alumnado e mantendo unha constante renovación pedagóxica, o equipo docente desta escola leva a cabo diferentes actividades como

concursos, exposicións, traballos medioambientais, xornadas temáticas... Un dos puntos máis salientables deste centro de ensino é a atención á diversidade e á educación inclusiva, ademais dunha constante importancia na aprendizaxe de idiomas. Grazas ao ambiente familiar, a rapazada recibe a concienciación necesaria para abordar estas cuestións. Para complementar o plan, realízanse viaxes culturais ao largo e longo do Estado e de inmersión e intercambio no estranxeiro. O colexio Alborada dispón ademais de comedor, ludoteca e un interesante catálogo de actividades extraescolares, como natación, robótica ou xadrez.

Ás xornadas de portas abertas pódese acudir baixo cita previa chamando por teléfono ao colexio.

Avenida do Aeroporto, 392 | 986 27 24 32  
[colexioalborada.es](http://colexioalborada.es) | [cpr.alborada@edu.xunta.es](mailto:cpr.alborada@edu.xunta.es)





# axenda

## ENTROIDO: MÁSCARAS E TOUCADOS

Pequena mostra de pezas do carnaval galego como as efixies dos cigarróns ou dos merdeiros.



Data e hora: do martes 7 ao sábado 25, das 10:00 ás 14:00 h // Lugar: Museo Liste // Prezo: 2,00 € (xeral) // Idade recomendada: todos os públicos.

## LA MEJOR OBRA DE LA HISTORIA

Un espectáculo visual e futurista de humor mudo co que Spasmo Teatro amosa algunhas das obras de arte máis relevantes da historia.



Data e hora: domingo 12, ás 18:00 h // Lugar: Auditorio Municipal // Prezo: gratis // Idade recomendada: a partir de 6 anos // Duración: 60 minutos.

## ENTRE ARROLOS E CONTIÑOS

Actividade para fomentar o interese pola literatura, a música e a tradición oral. O espectáculo débese á compañía Migallas Teatro.



Data e hora: venres 17, ás 18:00 h // Lugar: Biblioteca Xosé Neira Vilas // Prezo: gratis // Idade recomendada: entre 1e 3 anos // Duración: 60 minutos.

## ENTROIDO INFANTIL

A estación de trens e autobuses ofrece diferentes actividades ao longo do entroido para que a rapazada se disfrace e desfrute das datas máis libertinas no adro principal da área comercial:

- **Sábado de Entroido:** música e pasarela nun pasarrúas especial ao longo do centro comercial.
- **Luns de Entroido:** obradoiro imaxinativo a través da confección de máscaras.
- **Martes de Entroido:** obradoiro de disfraces a base de materiais reciclados.
- **Mércores de Cinza:** festa e desfile para rematar o Entroido.



Data e hora: sábado 18, luns 20, martes 21 e mércores 22, ás 17:30 h // Lugar: Centro comercial Vialia (zona Vigo Exporta) // Prezo: gratis // Idade recomendada: etapa infantil..

## LAS AVENTURAS DEL LEÓN VERGONZOSO

Unha viaxe moi divertida con monicreques e música en directo na que un pequeno león vergonzoso coñece un montón de amigos e experimentar por primeira vez emocións básicas, aceptándoas, compartíndoas e axudándose.



Data e hora: domingo 19, ás 18:00 h // Lugar: Auditorio Municipal // Prezo: gratis // Idade recomendada: a partir de 2 anos // Duración: 55 minutos.

## TRIBUTO MUSICAL A CANTAJUEGOS

Un proxecto baseado no respecto polas persoas, os animais e o medio ambiente da man do grupo Cosquillas. Unha proposta divertida que convida á participación nun repertorio ben coñecido polo público obxectivo do espectáculo.



Data e hora: sábado 25 de febreiro, ás 17:00 h // Lugar: Cine Teatro Salesianos // Prezo: 10,00 € // Idade recomendada: de 0 a 10 anos.



# UNHA NOVA VIDA PARA O ALMACÉN CULTURAL

Desde que arribaron a Vigo hai unha década, **Elena Branco** e **Jorge Patiño** convertéronse nuns deses dinamizadores culturais dos que presumir nesta cidade. En 2014 crearon a escola de baile Swing On e, dous anos despois, canda **Laura Rosales**, tomando a remuda do malogrado Charenton Club, volveron facer dese baixo de pedra do número 58 da avenida de Ramón Nieto, un local que en 1911 se erixiu como sede da Sociedade de Agricultores de Lavadores, un espazo que en 2015 reabriu como **O ALMACÉN CULTURAL**.



Durante un lustro o local encheuse cun feixe de cursos, charlas, concertos, exposicións, funcións teatrais, proxeccións e cafetería, pero en en agosto de 2021 O Almacén Cultural anunciaba en redes sociais o cese da actividade por mor da finalización do contrato de alugueiro. Ano e medio despois, o proxecto volve anovado e con forza: «O Almacén tivo un final triste e non quedamos conformes, por iso decidimos resucitalo», conta con alegría Elena. Define esta nova etapa como «un

concepto» máis que como un espazo; polo momento, o cuartel xeral instalouse en Simia Coworking, espazo localizado no número 9 da céntrica rúa de Afonso XIII, ás faldras de Churruca. «Queremos tecer redes cos promotores de eventos e donos dos bares da zona», destaca a promotora. Tamén salienta como vantaxe desta nova residencia o nutrido grupo de profesionais que habitan en Simia: o músico **Javier Álvarez**, o taller de cerámica Fango, a modista **Felicetta Gualtieri**, o xornalista **Claudio M. Nóvoa**, a devandita escola de baile Swing On ou a esteticista **María Varela**.

Neste novo capítulo, O Almacén Cultural céntrase na formación, sempre deixando a porta aberta á organización de algunha liadeira. A oferta de cursos é ben ampla: artes escénicas, artesanía, audiovisuais, baile, cianotipia, escrita creativa, maxia, moda... Todas estas formacións están dirixidas ao público adulto. A frecuencia tamén é variada; ofértanse cursos de cinco meses, de dúas semanas ou dunha soa xornada, como por exemplo un obradoiro para facer quimono: «Vés un día, fas un quimono e lévalo para a casa; xa está», resume Elena. O desembarco do Almacén en Simia promete encher, aínda máis, este espazo polivalente de cultura e creatividade ao longo deste 2023.



**Enderezo postal:** rúa de Afonso XIII, 9

**Teléfono:** 625 58 19 31

**Web:** [oalmacencultural.com](http://oalmacencultural.com)

**Enderezo electrónico:** [info@oalmacencultural.com](mailto:info@oalmacencultural.com)  
[@oalmacencultural](https://www.instagram.com/oalmacencultural)



# SANNY.

## CANTAUTORA COMPROMETIDA

**Sandra Gómez**, o nome que se agocha tras **Sanny**, mantén viva a chama do *folk* combativo e intimista. Cun pé nos primeiros anos de **Bob Dylan** e no *Nebraska* de **Bruce Springsteen**, e con outro en artistas *indie* contemporáneas como **Phoebe Bridgers** e **Sharon Van Etten**, desenvolve o seu particular estilo compositivo e interpretativo desde o 2012 entre Vigo e Santiago.

En Preston (Reino Unido), ademais de estudar elementos relacionados coa música e sociedade dos Estados Unidos, percorreu cada semana os micros abertos dos locais da cidade (The Ferret foi o máis habitual). Será á volta cando grave o seu primeiro traballo

discográfico, *Loners Downtown* (2019), un EP de cinco temas que bailan entre o *folk* e o *indie*. Nos últimos meses publicou dous novos temas, *25* e *Bird in a Cage*, esta vez acompañada por unha banda de músicos locais.



Este texto procede do libro *Son da cidade* (Galaxia, 2022), con textos de **Pablo Vázquez** e ilustracións de **Denis Carballás**. Escanea o código QR e consigue un exemplar





a *Movida*  
*go*

# COWORKING

24H · MESA PROPIA · CÉNTRICO E TRANQUILO · CREATIVO

